

### Fase de Resolución:

Recibida a proposta do SGDC, o Pleno do TGDC debe proceder ao seu exame nun prazo máximo de 6 meses, que tamén pode ser suspendido ou ampliado, e mesmo acordar novas dilixencias de investigación. O Pleno do TGDC pode cambiar a cualificación da instrución antes de ditar a súa resolución.

### Resolución do TGDC.

As resolucións do Pleno do TGDC poden declarar:

- a) A existencia de condutas prohibidas pola LDC.
- b) A existencia de condutas que non sexan capaces de afectar de maneira significativa á competencia, dada a súa escasa importancia.
- c) A non acreditación da existencia de prácticas prohibidas.

No primeiro caso, o Pleno do TGDC poderá acordar as correspondentes sancións.



Para máis información, dirixirse a:

- ▶ Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC). Secretaría Xeral e do Patrimonio. Consellería de Facenda. Edif. Administrativo San Caetano (Santiago de Compostela)
- ▶ Tribunal Galego de Defensa da Competencia

Depósito Legal: 123456

Serie de Divulgación do TGDC

## Condutas prohibidas no mercado: Modalidades e procedemento



**TGDC** Tribunal Galego de Defensa da Competencia

 XACOBEO 2010  
Galicia

 XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

**NON TODAS AS ESTRATEXIAS DAS EMPRESAS PARA COMPETIR NOS MERCADOS SON LÍCITAS, XA QUE ALGUNHAS DELAS PODEN SER CONTRARIAS ÁS NORMAS DA COMPETENCIA.**

**POR ISO CÓMPRE QUE AS EMPRESAS SAIBAN O QUE NON PODEN FACER, POIS ESTÁ PROHIBIDO, E O QUE NON ESTÁN OBRIGADAS A SOPORTAR, PORQUE É ILÍCITO.**

¿Por que se debe protexer a competencia?

A competencia é un instrumento para mellorar o benestar dos consumidores xa que contribúe, aínda en tempos de crise, ao crecemento da economía e á creación de empresas, fomentando a innovación e a eficiente asignación dos recursos produtivos.

Conduas prohibidas: A Lei 15/2007, de defensa da competencia (LDC), declara prohibidos os acordos colutorios, o abuso de posición de dominio e determinadas condutas desleais.

¿Que é un pacto colutorio?

É todo acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia en todo ou parte do mercado nacional, agás as que

contribúan a mellorar a produción ou a comercialización e distribución de bens e servizos ou a promover o progreso técnico ou económico. Un exemplo típico de pacto prohibido é o cártel para a fixación de prezos entre competidores ou para o reparto do mercado.

¿Que é un abuso de posición dominante?

É a conduta daquelas empresas que tendo poder no mercado, tratan de explotar ós seus subministradores, ós seus clientes, ou mesmo expulsar empresas rivais do mercado ou impedirles a súa entrada. Unha empresa ten unha posición de dominio se ten aptitude para modificar proveitosamente as condicións de competencia con independencia do que fagan os seus competidores.

¿Que condutas desleais son anticompetitivas?

A Lei de competencia desleal (Lei 3/1991, do 10 xaneiro, modificada pola Lei 29/2009, do 30 decembro), tipifica determinadas condutas como desleais e formula unha cláusula xeral, conforme a cal “Repútase desleal todo comportamento que resulte obxectivamente contrario ás esixencias da boa fe”. Agora ben, para que unha conduta desleal poida ser considerada anticompetitiva debe falsear a libre competencia de xeito tal que afecte ao interese público.

¿Como defenderse ante unha conduta prohibida?

Existen dúas vías de defensa: unha administrativa, ante as autoridades de defensa da competencia autonómicas, nacionais ou comunitarias; e outra xudicial, ante os Xulgados do Mercantil.

Os interesados poden optar por unha delas ou acudir ás dúas de maneira simultánea.

Vía das Autoridades da Competencia:

Iníciase en virtude dunha denuncia (mesmo dun membro dun cártel, cando concorran os requisitos do sistema de clemencia) ou de oficio, pola propia autoridade de competencia. A vía administrativa non ten custo económico para o denunciante. A proba da existencia da conduta prohibida pode dar lugar á imposición dunha sanción pecuniaria e á obriga de non reincidir na mesma. Non entanto, o prexudicado non pode obter unha indemnización por danos e prexuízos.

Vía xudicial:

Ten os custos propios de toda demanda ante os Tribunais; ademais, a carga de probar a denuncia corresponde ao denunciante. Esta vía permite obter non só a nulidade do acordo colutorio, senón tamén a eventual indemnización polos danos e prexuízos ocasionados pero, a diferenza da vía anterior, non se sanciona a conduta prohibida.

Procedemento ante as autoridades administrativas de competencia:

Divídese en dúas fases: Instrucción e Resolución, que están claramente diferenciadas. A primeira encoméndase ao Servizo Galego de Defensa da Competencia e a segunda, ao Pleno do TGDC.

Fase instrucción:

Trata de verificar se a conduta sometida a exame pode constituír un ilícito concurrencial.

Se o SGDC decide iniciar formalmente o expediente mediante a correspondente incoación, ese mesmo Servizo debe acometer as actuacións de instrución que considere axeitadas nun prazo máximo de 12 meses, aínda que este pode ser interrompido ou mesmo ampliado.

Unha vez instruído o expediente, o SGDC debe remitilo ao Pleno do TGDC, xuntándolle un informe no que inclúa a proposta de resolución, que pode ser de arquivo ou de sanción.

